

BALANCE

■ En colaboración con Industria

Os escritores galegos utilizan na súa páxina web as novas tecnoloxías

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) presentoulle onte á Consellaría de Innovación e Industria as actuacións desenvolvidas no marco de colaboración establecido entre a asociación e o departamento autonómico. Segundo expuxo o presidente de AELG, Cesáreo Sánchez, á directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, Helena Veiguela, nunha reunión mantida en Santiago, o apoio da Consellaría permitiu a creación dentro da súa web, do Centro de Documentación da AELG, un lugar referencial na rede para dar a coñecer os escritores galegos e a súa obra.

De igual xeito apostouse pola internacionalización do portal web (ofrecendo os seus contidos en varios idiomas) e pola incorporación de novos espazos (como a sección 'O territorio das Letras', que permite visualizar a vida e obra dos autores e autoras en lingua galega sobre o territorio do país). A colaboración entre AELG e Innovación e Industria tamén permitiu poner en marcha a 'Aelg Editora', coa creación dun software que permite a recepción de borradores, o seu envío automático a un consello de avaliación e a publicación automática das obras. De igual xeito, realizouse a ampliación do espazo didáctico da web da asociación, coa inclusión de 60 novas unidades didácticas para os seus 68 obradoiros de creación literaria. • **REDACCIÓN**